



Yasmina Moreira co portavoz municipal do BNG, Iago Pereira, e Julia Castro, responsábel local

O BNG denuncia a falta de xestión da recollida do lixo e a intención de privatizar o servizo

Iago Pereira, portavoz municipal do BNG, manifestou que o goberno municipal do PP amosa falta de xestión na área de medio ambiente. Así, o servizo de recollida de lixo funciona peor que nunca, con colectores desbordados, multitude de restos nas rúas e zonas sen recoller durante varios días. Situacións que se repiten a diario, sobre todo nas parroquias. Os veciños e veciñas quéixanse pobre servizo de limpeza viaria, a falla de estruturante nos composteiros municipais, a ausencia de limpeza nas parroquias, un escaso mantemento dos areais e o total abandono da posta en valor dos espazos naturais. dos areais moi mellorábel e o total abandono da posta en valor dos espazos naturais.

O voceiro nacionalista apunta tamén que estamos nun momento propicio para reforzar a municipalización dos servizos xa que dispoñemos dunha Relación de Postos de Traballo que permite organizar e ampliar o cadro de persoal. Mais o goberno de Almuíña, amosando un total desleixo e

despreocupación, abre as portas á privatización do servizo de recollida de lixo e a limpeza viaria e dos areais. Seguindo coa aposta da privatización que comezou co servizo de mantemento das zonas verdes cun custe para os vindeiros cinco anos de case 1,4 millóns de euros.

Pereira indica que cabe lembrar que o goberno municipal acaba de subir a taxa da recollida do lixo, entre outras cousas, pola nefasta política ambiental da Xunta de Galiza gobernada polo PP que segue a apostar polo modelo SOGAMA cun aumento do custe por esta xestión de residuos que está demostrado que para o medio ambiente é un desastre.

Iago Pereira afirma que o BNG en Baiona aposta decididamente pola xestión municipal dos servizos públicos, como así o demostramos cando formamos parte do goberno. Ao contrario que o Partido Popular que finxía estar moi preocupado por este tema cando estaba na oposición e agora que goberna volta converterse no campión da privatización de servizos.

O BNG urxe o repintado e a colocación de semáforos nas estradas de Baiona



A responsábel local do BNG, Julia Castro; con Yasmina Moreira, membro do BNG e Iago Pereira, portavoz municipal

O BNG de Baiona esixe ao goberno de Almuiña o repintado da calzada PO-552 ao seu paso pola Avenida de Sabarís, así como a colocación de semáforos que garantan a seguridade viaria das persoas tras a inacción do goberno municipal en todo o mandato.

A instalación dun semáforo na Avenida Sabarís, aumentaría a seguridade viaria

Julia Castro, responsábel local do BNG, indicou que, na Avenida de Sabarís, existe un alto tránsito de vehículos que debe ser regulado, sobre todo no paso para persoas situado fronte ao centro comercial que é moi usado pola veciñanza, tanto polo acceso ao supermercado como polo tránsito de escolares. Por esta razón, a instalación dun semáforo aumentará a seguridade viaria das veciñas e veciños. Neste caso para o goberno municipal a xestión é cuestión de vontade política polo carácter municipal da estrada.

A xestión é cuestión de vontade política polo carácter municipal da estrada

A responsábel da agrupación nacionalista apunta a completa inacción do goberno municipal do PP, que fai que dita estrada presente unhas condicións de mantemento deplorábeis e exixen con urxencia o repintado das marcas viarias.

E do mesmo xeito, o paso para persoas da Avenida Ramón y Cajal que dá acceso ao Parque da Palma debe contar cun semáforo que garanta a seguridade de baionesas e baioneses. Como así vimos solicitándolle á Xunta de Galiza dende fai anos e como fixo o anterior goberno municipal que, en ambos os dous casos, o goberno do PP nin tivo a consideración de contestar.

Por último, maniféstase a nula xestión en materia de seguridade viaria e o completo desinterese e desleixo do goberno do PP de Baiona, como quedou demostrado cando, fai mais dun ano e medio, votou en contra destas propostas do BNG, argumentando que estaban preparando un proxecto. A día de hoxe, e despois de ser preguntado en pleno en multitude de ocasións e sen dar resposta, nada se sabe deste inexistente proxecto.

O BNG solicita á Xunta o arranxo do paseo marítimo ante o desleixo do goberno de Almuíña

O BNG de Baiona denuncia o estado de abandono que sofre o paseo de madeira con buratos de dimensións considerábeis, táboas rotas, deformadas e podres. Do mesmo xeito, as varandas de protección tamén presentan roturas, zonas cortantes e, nalgún caso, nin existen. Todo isto supón un gran perigo para as persoas usuarias do paseo marítimo.

Por iso, ante o total desleixo do actual goberno municipal de Almuíña na reparación do paseo de madeira, o BNG vén de presentar unha emenda aos orzamentos da Xunta de Galiza para o exercicio 2026 para que se arranxe o paseo marítimo e se poña en condicións óptimas para o seu uso.

O BNG, presentou tamén varias emendas parciais sobre a Promoción de vivenda pública, melloras nas infraestruturas e de equipamento nos colexios públicos que presentan importantes necesidades. Tamén para a conservación e posta en valor do patrimonio da Serra da Groba, seguridade viaria da PO-552, a construción dun Centro de Interpretación da Natureza do Val Miñor, liñas de transporte directas coa Uvigo e o Hospital Álvaro Cunqueiro ou a construción dunha nova Escola Educación Infantil para cubrir as necesidades das veciñas e veciños.



Iago Pereira, voceiro municipal de Baiona

Do mesmo xeito, presentou emendas comúns para o conxunto dos tres concellos do Val Miñor, como un estudo para a recuperación ecolóxica da Foz do Miñor, unha residencia de persoas maiores, a ampliación de profesionais do servizo de saúde mental do centro de especialidades do Val Miñor, a creación dun punto de encontro familiar ou a gratuidade da autoestrada AG-57.

O BNG pon en valor a vitoria de veciñas e veciños contra o Campo de Golf de Baredo e lles traslada os parabéns



Iago Pereira, voceiro municipal de Baiona no encontro informativo

O BNG vén de comunicar a satisfacción pola modificación do PXOM na que queda definitivamente eliminado o campo de golf en Baredo, proxectado polo PP de Baiona con Almuíña á cabeza. Do mesmo xeito, amosan o agradecemento e parabéns á veciñanza de Baiona en xeral e, a da parroquia de Baredo en particular, por esta vitoria social que supón a garantía de que, a día de hoxe, aínda gobernando o creador do campo de golf sexa imposíbel a súa construción.

A organización nacionalista foi a única que denunciou dende o ano 2011 que o PP tiña ideado este proxecto.

E despois dun arduo traballo político, respaldado pola veciñanza fai xa oito anos nun multitudinario acto informativo que supuxo unha concienciación e mobilización social, logrando que o PP de Baiona dera marcha atrás a esta aberración medioambiental para o noso concello.

ANA PONTÓN, PORTAVOZ NACIONAL DO BNG

"Co PP, Galiza non avanza. Non hai política industrial nin económica... Todo é propaganda e turismo low cost. Ese é o futuro que nos espera? Galiza merece moito máis"



Di vostede que o PP está facendo que Galiza vaia a menos.

Infelizmente é así. A propia sociedade galega percibe con claridade que as políticas da Xunta fan que Galiza non avance. A pesar de todos os recursos e potencial que temos como país, Galiza está estancanda. E no mundo actual, se non avanzas, retrocedes. O PP non ten proxecto para Galiza. Non hai política industrial, nin de emprego, nin económica. Todo é turismo low cost, propaganda na TVG e regalar o noso territorio a proxectos espoliadores e alleos. Galiza merece moito máis.

E Rueda parece estar máis centrado en atacar o BNG que en explicar a súa acción de goberno.

Exacto. O PP está moi nervioso e botado ao monte. Os datos que manexa dinlle que o BNG segue medrando, á alza, e que eles están claramente á baixa. O BNG xa é primeira forza entre as e os votantes de menos de 50 anos. Iso é o que indican hoxe as enquisas. E o PP xa non sabe que facer: a manipulación da TVG e da Radio Galega é grotesca, no Parlamento dedícanse a insultar, andan con mocións de censura e malas artes nos concellos... Son un partido cada día máis ultra e menos galego.

Fronte a ese PP, vostede adoita dicir que o BNG é a forza do futuro de Galiza.

Somos a forza do cambio político en Galiza. É importante explicar que, fóra da TVG e da propaganda do PP, que ás veces parece ocupar todo o espazo, hai unha Galiza chea de vida, de dinámismo, de ganas de mudar as cousas a mellor. Hai unha Galiza que non se resigna, que é creativa, traballadora e está mobilizada. O BNG é quen representa hoxe ese país novo, que sabe que o cambio real é facernos valer: acabar co espolio do territorio, desenvolver a nosa economía e industria, xestionar directamente os nosos impostos, crear aquí riqueza e emprego poñendo os recursos galegos ao servizo de Galiza.

O panorama estatal é incerto, con risco de eleccións Xerais.

Se houber eleccións, o BNG chegaría cos deberes feitos. O noso traballo en Madrid demostrou que, como dicimos sempre, co BNG, Galiza gaña. Todos os descontos da AP9 e AP53, a quita da débeda de 4.000 millóns de euros, o compromiso de posta en marcha da rede de proximidade ferroviaria en Galiza... todo iso é iso grazas a que Galiza ten voz propia e sen ataduras en Madrid, co BNG. Unha voz galega, social e útil para o noso país. Cada vez máis sociedade galega percibe que é fundamental ter peso político propio no Congreso e no Senado, para acabar coa discriminación das forzas estatais e defender os intereses do noso país.

Contacta co BNG!

 986 44 73 00

 baiona@bng.gal

 [@bng_baiona](https://www.instagram.com/bng_baiona)

 [@obloque](https://twitter.com/obloque)

 baiona.bng.gal

 [@bng.baiona](https://www.facebook.com/bng.baiona)

